

Chaves dunha viaxe pola educación ambiental en España

Carlos Mediavilla García¹, Javier García Fernández e Yolanda Sampedro Ortega²

1. *Unidade de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente (España)*

2. *Técnicos en Educación Ambiental de GEA, SL (España)*

O Libro Branco da Educación Ambiental en España é un documento nacido dun consenso sobre os principios, os obxectivos e os instrumentos da educación ambiental, froito do traballo colectivo das administracións públicas, dos axentes sociais e dos profesionais da educación ambiental. Recolle un proceso de reflexión e unha experiencia de máis de vinte anos.

Que aconteceu coa educación ambiental en España desde a publicación do Libro Branco? Esta pregunta é a que se formulou en abril de 2004 o SEMINARIO TÉCNICO DE ESTRATEXIAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL en Barcelona, un foro de reflexión colectiva para os técnicos implicados na xestión das estratexias de EA. O Ministerio de Medio recolleu esta demanda e puxo en marcha un estudo cuxos obxectivos eran *“coñecer iniciativas concretas que estean a servir para desenvolver as recomendacións dirixidas ás administracións xeral e autonómicas no Libro Branco”* e *“valorar o interese das iniciativas desenvolvidas, realizando un balance dos avances”*.

Este foi o punto de partida dun percorrido por algunhas das experiencias máis representativas dos cambios que xerou o proceso aberto polo Libro Branco. O resultado é un libro de inminente publicación polo Ministerio de Medio: *Unha viaxe pola educación ambiental en España. Unha visita a algunhas das iniciativas promovidas desde a administración xeral e autonómica tras a publicación do Libro Branco*. Aquí tratamos de compartir as principais coordenadas desta viaxe.

O espírito do Libro Blanco: os principios básicos como indicadores de calidade

Os principios básicos do Libro Branco, que se recollen no seu capítulo terceiro, dotan o Libro Branco dun corpo teórico que axuda a definir *de que estamos a falar cando falamos de educación ambiental*. É resultado do consenso logrado co proceso de participación pública e foi considerado por todas as estratexias autonómicas, para evidenciar aínda máis o grao de consenso.

O estudo posto en marcha non pretendía ser un test de cumprimento polas administracións xeral e autonómica das recomendacións, senón detectar os principais fitos do mapa da educación ambiental, que reflectisen a evolución e a calidade das novas experiencias. Por iso, partiuse dos principios básicos como o *espírito* do Libro Branco e fíxose un primeiro esforzo converténdoo nunha batería de criterios de calidade, que se recolle ao final deste artigo.

Na primeira fase do estudo, foi esta batería de criterios de calidade a que se propuxo como guía de selección de experiencias, para recollelas nun sinxelo cuestionario en que se indicasen os seus datos básicos. A fonte básica de información constituírona os técnicos de educación ambiental das administracións xeral e autonómicas, como coñecedores máis directos dos

programas promovidos por aquelas. Por outra parte, e como contraste, consultouse a 90 entidades e a expertos ligados a asociacións de educadores ambientais, a universidades, a empresas de educación ambiental, a equipamentos e á administración local de todo o territorio. Recibíronse 103 experiencias.

É importante sinalar que a batería se mostrou útil para transmitir ás persoas consultadas que tipo de programas se estaban a procurar. É significativo indicar, neste sentido, que un 10% dos expertos de contraste consultados foron críticos ata o punto de non poder extraer exemplo ningún no seu territorio que cumprise minimamente cos criterios propostos.

Unha mostra para unha cartografía

O sentido da batería de criterios non era, non obstante, que *cantos máis criterios marcados, mellor será o programa* descrito. O estudo non pretendía facer un *ranking* nin unha compilación de *hit parades*, senón unha representación diversa do que está a acontecer coa educación ambiental nos últimos anos, dos cambios que xerou a reflexión arredor do Libro Branco e das estratexias de educación ambiental, que nos permita repensar a nosa práctica cotiá e afianzar os enfoques máis avanzados. Con este fin, fíxose unha segunda selección de entre as 103 experiencias recibidas.

Non se tratou tanto de escoller as mellores, senón de compilar unha información máis detallada dalgúns casos que axudase a coñecer aqueles matices que puidesen ser máis ilustrativos e inspiradores do que estaba a acontecer na *trastenda* da educación ambiental. Aplicouse unha segunda batería interna de criterios. Dous deles eran de control con respecto a criterios propostos na primeira recollida: que as experiencias propostas fosen promovidas polas administracións xeral ou autonómicas e que estivesen inspiradas ou que recollesen os principios básicos. Outros dous referíanse ao conxunto da mostra: un certo equilibrio territorial e unha diversidade entre as experiencias para que acollesen diferentes modelos de traballo, ámbitos temáticos, instrumentos, enfoques e perspectivas. Os catro restantes referíanse a cada unha das experiencias e á súa utilidade para axudar a reflexionar desde outros contextos:

- Coherentes coa escala e co ámbito de actuación da entidade promotora
- Exportables nalgunha das súas variables máis relevantes
- Innovadoras, que supoñan un cambio fronte a iniciativas anteriores
- Inspiradoras, capaces de xerar ideas e novas iniciativas noutros territorios

Seleccionouse un total de 40 experiencias. Aos responsables directos das 40 experiencias enviáuselles un segundo cuestionario ou guión de traballo, xunto

cunha explicación dos obxectivos e da metodoloxía seguida na segunda fase do estudo, pedíndolles afondar nos seguintes aspectos:

- Datos básicos: nome do proxecto ou do programa. Entidade promotora. Outras entidades participantes. Persoa de contacto. Procedencia do financiamento
- O contexto: como xorde a iniciativa? Cal é o seu punto de partida? Cal é a orixe do programa?
- A experiencia: descrición xeral. Obxectivos. Liñas principais. Destinatarios. Como se traballou? Avaliouse? Resultados
- Os puntos fortes: que é o que mellor funcionou? Cales foron os aspectos máis enriquecedores?
- As ideas inspiradoras: que aspectos poden interesar máis de cara á súa exportabilidade? Que é o máis innovador a respecto de experiencias anteriores?
- O futuro: o proxecto está pechado? Cara a onde camiña? Evolucionou? En que sentido? Cales son os proxectos ou as tendencias de futuro?
- Máis información: materiais xerados, páxinas web, enderezos de contacto etc. para obter máis información

O resultado é un mapa do territorio que representa os diversos ámbitos que se revelaron nos últimos anos como os piares básicos do traballo en educación ambiental das administracións estudadas:

- Estratexias de educación ambiental
- Equipamentos
- Ecoauditorías ou axendas 21 escolares
- Educación como instrumento da xestión
- Oferta de recursos de información, de documentación e de formación para o propio sector da educación ambiental e para outros colectivos
- Creación de redes
- Apoio a outras entidades

Faremos, a continuación, un percorrido polas claves que se deducen para cada un deses ámbitos desde o estudo dos casos.

As estratexias de educación ambiental (ou de como navegar nun mar de incertezas)

As estratexias supuxeron procesos que reforzaron un sector, o da educación ambiental, afectado de precariedade crónica. Non en van, os elementos máis destacados destes procesos polos seus propios promotores foron a participación, o entusiasmo e o compromiso dos diferentes actores. Isto permitiu ver a moitos educadores ambientais que o seu traballo non está tan illado como se sente, a miúdo, na práctica diaria. Tamén nos achegou a sectores ata os que agora non tiñamos acceso.

Non obstante, non sempre o resultado respondeu ás expectativas esperadas durante o proceso. Das experiencias analizadas pódense deducir algunhas claves que axudan a manter uns procesos máis alá da produción dun documento:

- Un decidido apoio da institución que as promoveu. É recomendable establecer unha vía formal de aprobación do documento que avale o consenso e a aprobación dos participantes. Con todo, máis alá da publicación, é imprescindible que a institución promotora asuma os compromisos ou as liñas de acción que lle corresponden no marco da estratexia
- A publicación oficial dunha estratexia non garante a súa presenza na sociedade. É preciso desenvolver vías diversas de difusión por parte da entidade promotora e de todos os actores implicados na estratexia como boletíns electrónicos, encontros e foros, integración en planos ou en programas non especificamente relacionados coa educación ambiental...
- Unha chave fundamental é non perder a dinámica participativa durante a implantación da estratexia. Así sexa mantendo as estruturas do propio proceso de elaboración ou creando outras novas como comisións interdepartamentais, comisións ase-soras e observatorios, ou ben prestando apoio explícito aos sectores a través de secretarías técnicas ou doutras fórmulas

- Moi en relación coa chave anterior, hai que desenvolver e manter fórmulas para a súa implantación participativa. O modelo máis utilizado foi o de promover adhesións e compromisos para a acción. A experiencia demostra que require medidas complementarias que o fagan eficaz e participativo máis alá do papel. O modelo navarro aposta por manter a participación propia do proceso de elaboración e trasladala a outro tipo de iniciativas, temáticas e procesos. En calquera caso, no desenvolvemento da estratexia débese contemplar a avaliación e o seguimento como parte integrante en que se deben implicar as fórmulas de participación establecidas, o que non obsta a oportunidade de contar en determinados momentos coa presenza ou co asesoramento de avaliadores externos.

Non imos despedir as estratexias, porque dun modo ou doutro, o seu *espírito* faise sentir en iniciativas presentes nos seguintes ámbitos. Non obstante, antes de pasar a eles é importante resaltar como un dos seus puntos fortes a capacidade que tiveron para concitar unha armazón de redes formais e informais. É importante vertebrar mecanismos que axuden a manter e a potenciar estas redes mediante a celebración de xornadas e de encontros, seminarios formativos, o apoio ás asociacións de educadores ambientais existentes etc.

Unha nova mirada aos equipamentos

Non nos imos estender sobre o papel que xogaron os equipamentos no impulso e na consolidación da educación ambiental no noso país, nin nos innumerables altibaixos que sufriu este sector. Seguen a ser un elemento fundamental e os últimos anos de experiencia dan chaves para o seu futuro:

- Avanzar cara á consolidación e a profesionalización dos equipos, a través das súas condicións laborais, formación continua, motivación e participación
- Elaborar un proxecto educativo de centro capaz de recoller, a partir dunha análise do contexto en que está o equipamento, quer a filosofía que hai que seguir quer os obxectivos, axustándoos a cada colectivo destinatario, e as temáticas
- Poner en marcha instrumentos participativos para os diferentes axentes vinculados ao centro (promotores, equipo educativo, destinatarios ou poboación do ámbito) e implicarse activamente no seu ámbito para lograr que se converta nun verdadeiro centro de recursos aberto a todos e en nodo e dinamizador das iniciativas, para articular redes que posibiliten xerar ideas, xuntar e coordinar esforzos
- Ser igualmente un recurso para todos aqueles departamentos da administración, entidades e colectivos

cuxos obxectivos sexan coherentes coa filosofía e coas orientacións do seu proxecto educativo

- Un obxectivo que concentra os esforzos de moitos equipamentos nos últimos anos é a definición duns criterios de calidade como un instrumento útil de autoavaliación e de mellora
- A respecto do papel da administración, debe apoiar a iniciativa privada e facilitar os procesos de colaboración e de encontro dentro do propio territorio e con centros doutros territorios, as iniciativas de formación, o traballo en rede, así como un marco normativo adecuado cando sexa necesario e coa participación do sector, apoiando a difusión das súas iniciativas, asistindo aos usuarios con menos recursos e colaborando na adaptación ás novas demandas sociais. Ao mesmo tempo, debe desenvolver os seus propios obxectivos e a súa propia oferta de equipamentos, especialmente naqueles ámbitos de actuación, espazos ou temáticas non satisfactoriamente cubertos ou non doadamente asumibles pola iniciativa privada

Traballando na escola

Trátase, en todos os casos, de experiencias promovidas desde as administracións ambientais, que contan coa colaboración activa dos respectivos departamentos

de educación ou doutras instancias. As experiencias analizadas teñen en común combinar a ambientalización e a mellora do centro cunha perspectiva educativa, a participación da comunidade educativa no seu conxunto e, en distintas modalidades, a implicación co ámbito e coas redes de centros con proxectos comúns. As súas diversas denominacións (ecoauditorías escolares, escolas verdes, ecoescolas, ecocentros ou axendas 21 escolares) non nos impiden subliñar as chaves para o futuro deste tipo de programas, en expansión:

- Traballar as cuestións ambientais nos centros no marco dun proxecto consistente e sólido
- Implicar nun mesmo proxecto toda a comunidade escolar, adoptando metodoloxías participativas
- O enfoque cara á mellora, cara á acción
- A posibilidade de transcender o perímetro da propia escola
- A opción de integrar os contidos traballados no currículo escolar
- O traballo en rede, que permite sentirse parte dun proxecto máis amplo
- Programas flexibles e dinámicos, abertos a se repensar e a se reinventar
- A implicación e a colaboración activa entre as diferentes administracións e as entidades nun proxecto conxunto
- O feito de poder traballar en proxectos a medio e a longo prazo

A educación, un instrumento indispensable na xestión

Este é un dos retos permanentes da educación ambiental, o de se converter nun verdadeiro instrumento da xestión, destacado con especial énfase tanto polos convenios e documentos internacionais coma polo propio Libro Branco. Os desafíos pendentes neste sentido son moitos e todos pasan por un mellor coñecemento mutuo entre os xestores e os educadores. Os proxectos analizados son de ámbitos temáticos diferentes, mais todos eles translocen unha procura de estratexias de actuación conxunta que supón un cambio fronte a anteriores formas de traballar. Un cambio para a propia xestión e un cambio na consideración do papel que debe xogar a educación nas administracións ambientais. As chaves deste cambio, desta nova forma de traballar, son:

- Un diagnóstico de partida que inclúe non só os aspectos ambientais, senón tamén os sociais, e que integra o traballo e as perspectivas dos educadores desde as primeiras fases da planificación, polo que os instrumentos sociais se transforman en verdadeiras ferramentas de traballo que impregnan todas e cada unha das fases de intervención
- Uns proxectos ou uns planos participados desde a súa propia concepción, e que manteñen estándares elevados de participación ao longo de todo o seu desenvolvemento
- Unhas canles de achegamento entre os educadores e os xestores, que propician o debate e a reflexión conxunta e que permiten poñer en valor os instrumentos sociais no ámbito da xestión. Conséguese, así, redes formais ou informais capaces de xerar á súa vez novas iniciativas e proxectos
- O achegamento da educación ambiental a sectores e a entidades que, ata hai ben pouco, lle eran alleos
- A flexibilidade, que os seus propios promotores caracterizan como o punto forte dos seus programas e que, posiblemente, ten moito que ver cunha forma de traballar máis participada e máis aberta e en que a avaliación, sistematizada ou non, ocupa un lugar importante no transcurso do programa

É importante remarcar o feito de que falamos, de programas e de estratexias de traballo cuxos resultados non se perciben, xeralmente, a curto prazo. Facermos demasiada énfase no curto prazo pode xerar dinámicas contraproducentes para o conxunto do proxecto ou da intervención. A énfase debe estar na maior riqueza destas experiencias: xerar dinámicas de traballo que se enriquecen co tempo e abertas a desenvolveren novas iniciativas.

Abrindo vías para mellorar os nosos recursos

As iniciativas reunidas neste ámbito comparten un mesmo obxectivo: mellorar a capacitación e incrementar os recursos dispoñibles para o traballo no ámbito da educación ambiental, o medio ou a intervención social: centros de documentación, catálogos de boas prácticas, programas de formación... Responden ao reto constante dos educadores ambientais de estaren ao día, quer canto se refire ás temáticas ambientais, quer canto ás demandas da sociedade que obrigan a unha actualización permanente dos nosos coñecementos e das nosas formas de facer.

As administracións xogan un papel moi relevante. A iniciativa privada non pode atender en toda a súa extensión, cun custo asumible polos destinatarios, a gran cantidade e a diversidade de demanda de formación nestes campos. É importante que as administracións ambientais sexan capaces de realizaren unha oferta formativa de calidade e actualizada, capaz de cubrir os ocos non cubertos por outras entidades públicas ou privadas, de combinar e de explorar metodoloxías de traballo diferentes e canles diversas que permitan a cada destinatario achar o tipo de espazos e a actividade que se adapte mellor ás súas necesidades e á

súa dispoñibilidade. É desexable que se articule unha oferta de recursos que teña en conta:

- Un deseño participado da oferta formativa
- Unha oferta de alternativas de formación a través de tecnoloxías en liña
- A difusión de boas prácticas, que se revelou un instrumento moi útil para a progresiva difusión de modelos exitosos de traballo
- A elaboración participada de criterios e de instrumentos de calidade, unha vía de formación continua con gran potencial
- A xeración de recursos documentais de calidade no terreo da intervención social, en que se detecta certa escaseza de materiais dispoñibles e accesibles aos educadores
- A creación de grupos, de seminarios e de espazos de reflexión conxunta nos diversos sectores e ámbitos de traballo, a incentivación e a difusión as boas prácticas e a promoción de espazos de intercambio de ideas
- A creación de centros de recursos como espazos vivos e dinámicos capaces de articular e de vertebrar as necesidades que o sector vai xerando

En definitiva, as administracións deben poñer en marcha e consolidar proxectos estables e sólidos, capaces de atenderen a demanda e, mesmo, de se adiantaren a esta.

Tecendo redes

O illamento é unha das debilidades que afecta ao traballo dos educadores ambientais. A nosa forza aumenta na medida en que somos capaces de traballar xuntos, de construímos espazos de ilusión, de aprendizaxe e de esforzo colectivo. Tecer redes non é unha tarefa doada, sabemos o complicado que pode chegar a ser construír unha linguaxe común, poñernos de acordo, crear consensos, xerar unha acción colectiva. Con todo, é unha vía idónea para incrementar a formación e para incentivar os esforzos ao aumentarmos a percepción de estarmos a traballar nun proxecto común, máis alá dos nosos límites cotiáns.

Por iso, o impulso das redes é tarefa inescusable das administracións. As redes constitúen instrumentos eficaces de acción que, unha vez consolidados, poden camiñar por si sós, multiplicando os efectos, quer educativos quer ambientais, das súas actuacións. As experiencias de redes informais ou formais promovidas por administracións ambientais apuntan as seguintes chaves:

- Crear mecanismos eficaces de intercambio de información
- Afianzar lazos institucionais e persoais que faga do traballo conxunto un apoio ao traballo cotián e non unha carga
- Propiciar espazos de encontro, proxectos comúns e atractivos en que

se evidencie que o todo é máis que a suma das partes

- Proporcionar recursos suficientes para que as redes incipientes se articulen e se vertebren progresivamente

Ao ser imprescindible este apoio, a chave fundamental segue estando no propio traballo en rede: ter boas razóns para traballar xuntos, dispoñer de tempo abondo e de ritmos axeitados, sentir respecto polo traballo que se realiza, coñecer os resultados, sentir que o proceso é estimulante...

Explorando outros camiños

Neste apartado, desde dúas experiencias moi diferentes entre si, analízanse dous casos que están a lograr difundir, por territorios moi extensos (Andalucía e Castela e León) programas e actuacións de educación ambiental que están a contribuír a consolidar a necesidade de traballar, desde ámbitos moi diferentes, cara á sustentabilidade. Son proxectos que van consolidándose no tempo, o que fai medrar as súas potencialidades de mellora, ao permitir que os instrumentos de avaliación que se poñan en marcha perfilen os seus obxectivos e as súas metodoloxías de traballo. Explóranse con forza vías de traballo e de colaboración entre entidades moi diferentes, que dan lugar a iniciativas conxuntas que, por separado, sería difícil

pór en marcha. Unha vez máis achamos a necesidade de explorar ámbitos de coordinación e de esforzo común, un terreo en que as administracións deberían continuar invertendo recursos.

Relendo o diario de a bordo: o que aprendemos

Este estudo é un reflexo da situación actual, mais non de toda a situación. En moitos casos séguense a empregar recursos (tempo, diñeiro e esforzo) en programas que non responden fielmente a un diagnóstico previo, á realidade socioambiental en que se enmarcan ou a unha planificación rigorosa. Detéctase certa inercia en manter algúns proxectos que, aínda que no seu momento tiveron importancia, hoxe, no contexto dunha educación ambiental que evolucionou, quizais non sexan a resposta axeitada ás demandas que a sociedade ten. Hoxe coñecemos mellor os problemas socioambientais e están mellor identificados, quer os conflitos quer os actores, que xogan un papel relevante en cada situación. Non obstante, a resposta que se ofrece desde a educación ambiental en moitos casos segue a ser xenérica e utiliza os mesmos instrumentos e métodos desde hai anos. É necesario comezar a utilizar de forma máis xeneralizada ferramentas como as que nos ofrecen a participación e o traballo en rede para afrontar os novos retos desde un

enfoque que teña en conta a diversidade de escenarios e de axentes implicados.

Hai novos retos que van poñer en evidencia esta necesidade. A nova normativa en materia de acceso á información e á participación pública en asuntos ambientais (as leis 7/2006, de planos e programas, e 27/2006, coñecida como Lei Aarhus) pon a proba a capacidade de resposta das administracións ambientais a novas demandas de transparencia e de xestión participativa. Ao mesmo tempo, é unha oportunidade para que os educadores ambientais acheguen a súa experiencia sobre os requirimentos, o funcionamento e o sentido dos instrumentos sociais.

A intención dos autores do estudo era achegar un gran de area e contribuír, quer á reflexión quer a inspirar, e a descubrir novos camiños que percorrer. Neste momento, e sobre a base dos instrumentos e da experiencia desta primeira viaxe aquí ilustrada, estanse a levar a cabo percorridos polos ámbitos do sistema educativo e das entidades locais. Seguro que nos achegarán a todos novos enfoques desde os que reflexionar. Porén, nin aquel, nin estas viaxes esgotan o traballo de reflexión conxunta que se abre en múltiples camiños e lugares desde o propio Libro Branco, as estratexias de educación ambiental, moitas das experiencias aquí recollidas e outras que poderían ser igualmente ilustrativas. En palabras dos propios autores: *esperamos poder acharnos nalgún deses camiños.*

ANEXO: batería de criterios

Implicación de toda a sociedade...

1. O programa está dirixido a diferentes sectores sociais relacionados co obxectivo do programa, incluídos sectores da poboación tradicionalmente non recollidos
2. Os destinatarios do programa convértense á súa vez en axentes educadores
3. O programa persegue xerar un sentimento de responsabilidade compartida nos seus destinatarios
4. O programa está integrado na acción cotiá dos seus destinatarios
5. O programa ten en conta a diversidade de contextos e de realidades dos destinatarios na súa planificación e execución

Adopción dun enfoque amplo e aberto...

6. O programa ten en conta a complexidade do problema, así como todos os aspectos da armazón social, cultural, económica e afectiva que xiran arredor del
7. O programa parte dun enfoque e dunha práctica intercultural
8. O programa planifícase e desenvólvese cun enfoque interdisciplinario e interdepartamental

Promoción dun pensamento crítico e innovador...

9. O programa propicia unha comprensión axeitada das principais cuestións socioambientais relacionadas co problema
10. O programa procura o acceso dos destinatarios e dos axentes implicados a información transparente, comprensible e rigorosa
11. O programa contribúe a que as persoas sexan capaces de analizar, de interpretar e de valorar por si propias a información que reciben
12. O programa contempla mecanismos orientados á reflexión e á inclusión permanente de cambios orientados á mellora
13. O programa traballa activamente para potenciar a creatividade dos axentes implicados na procura de novos modelos e de solucións para alcanzar os seus propios obxectivos
14. O programa incorpora os principios de equidade, de solidariedade e de xustiza social

Desenvolvemento dunha acción educativa coherente e crible...

15. O programa xorde como resposta a unha demanda ou a unha necesidade socioambiental e ten en conta que a idoneidade dos temas tratados quer a oportunidade dos momentos de actuación
16. Existe unha coherencia entre a mensaxe e a acción e entre os fins e os medios utilizados no programa
17. O programa ten previstos mecanismos de continuidade co obxecto de afondar nos obxectivos formulados, para evolucionar cara a novas propostas e a métodos, o traballo con novos axentes etc.
18. A planificación do programa fíxose conxuntamente coas persoas e/ou coas entidades responsables do seu desenvolvemento e execución

Impulso da participación...

19. O programa promove nas persoas a conciencia da súa capacidade para intervir na resolución dos problemas e axuda a construír alternativas de acción positiva
20. O programa promove a implicación, quer individual quer colectiva, nos procesos de toma de decisións
21. O programa conta con tempo abondo, predisposición, responsabilidade e actitude aberta cara á participación
22. O programa dispón de espazos para fomentar a aprendizaxe de habilidades sociais e de métodos de participación
23. O programa facilita canles de participación para todos os axentes afectados e procura que as devanditas canles estean adaptadas ás particularidades de cada situación
24. O programa apoia o movemento asociativo e fomenta o voluntariado como vías de participación comunitaria

Incorporación da educación nas iniciativas de política ambiental...

25. O programa educativo está integrado, desde o inicio, na planificación, na xestión e na avaliación das políticas ambientais e exerce unha influencia real sobre as devanditas políticas

Mellora da coordinación e colaboración entre axentes...

26. O programa favorece os procesos de encontro, de intercambio e de cooperación entre os diferentes actores e enfoques
27. O programa procura a creación de redes formais e informais, orientadas a facilitar o intercambio de ideas e de experiencias, a posta en marcha de actuacións conxuntas, o debate arredor de novas formulacións, así como a avaliación do propio traballo

Garantía dos recursos necesarios...

28. O programa dispón dos medios necesarios -económicos, técnicos e humanos- para o seu desenvolvemento e utilízalos de xeito eficiente
29. O equipo que planifica e desenvolve o programa ten continuidade ao longo do seu desenvolvemento, conta con diversidade de perfís e con oportunidades para a súa propia capacitación